



ANEXO III

2021/CP/153

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

AXUDA

AXUDA: ED431G 2019/01 – CITIC – Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia – Contrato financiado con cargo ás Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do eixe 1 do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.3), nunha porcentaxe do 80%, e pola Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, nun 20% (Orde do 19 de setembro de 2019 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional).

CENTRO: CITIC – Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions. Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia. UDC.

OBXECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas da axuda de investigación que se indica. Contratación dun/ha Técnico/a de apoio á investigación.

LUGAR E HORARIO: Edificio CITIC. De luns a venres, de 09:00h a 14:30h e de 16:00h a 18:00h (37,5 horas semanais).

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado * Investigador en formación * Require matrícula programa doutoramento SUG
Técnico de apoio á investigación Axudante de apoio á investigación
Técnico administrativo Axudante administrativo

XORNADA	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>
DURACIÓN	6 meses (ata 28/02/2022)	DATA APROX. DE INICIO 01/09/2021

RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 1.706,25 €/mes incluídas pagas extra. COFINANCIADO CON FONDOS FEDER, EIXE 1 PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2.3

PARTIDA ORZAMENTARIA: 61.40.24.20.01.541A.649.02.00

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Enxeñaría, Licenciatura ou Grao. Véxase memoria da convocatoria.

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

Código Seguro De Verificación	/bp0YVVLS1QAFfweu8r1WQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo	Asinado	18/06/2021 14:53:42
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//bp0YVVLS1QAFfweu8r1WQ==		



LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Enviar documentación (copia DNI, copia titulación académica, CV e documentación xustificativa dos méritos) por correo electrónico a rrhh@citic-research.org (CC/ juan.tourino@udc.es), indicando no asunto **a referencia do contrato (2021/CP/...)** e o nome da persoa candidata.

PRAZO: 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Manuel F. González Penedo (Director do CITIC) e Juan Touriño Domínguez (investigador responsable da liña de traballo).

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Na web do CITIC en:
<https://citic.udc.es/gl/emprego/>

A Coruña, 18 de xuño de 2021

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Manuel F. González Penedo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	/bp0YVVLS1QAFfweu8r1WQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo		Asinado	18/06/2021 14:53:42
Observacións			Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//bp0YVVLS1QAFfweu8r1WQ==			



MEMORIA

TAREFAS A REALIZAR

O Centro de Investigación de Galicia CITIC está formado por máis de 150 investigadores. No marco das *Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do SUG*, contémpase a realización de varios proxectos e a captación de persoal cualificado para levar a cabo as tarefas derivadas dos devanditos proxectos.

As tarefas a realizar dentro do proxecto de investigación relacionado con este contrato enmárcanse na área de investigación do CITIC en Computación de Altas Prestacións (HPC) e consisten na proxección de algoritmos e aplicacións no ámbito do procesamento e visualización de datos xeorreferenciados en arquitecturas de computación de altas prestacións, utilizando tecnoloxías de computación paralela e de procesamento Big Data.

XUSTIFICACIÓN DURACIÓN DO CONTRATO

A duración para estas tarefas estímase en seis meses, cunha adicación a tempo completo.

REQUISITOS DOS CANDIDATOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Requisitos

- Enxeñaría, Licenciatura ou Grao.

Crterios de selección (valoración sobre 10 puntos)

Valorarase experiencia no ámbito das tarefas a realizar, cos seguintes criterios de selección:

- Expediente académico da titulación de Enxeñaría/Licenciatura/Grao en Informática (ou titulación equivalente), calculado en base 10 (RD 1125/2003), que se multiplicará por 0,3 para obter a puntuación neste apartado (máx. 3 puntos).
- Bolsas ou contratos relacionados coas tarefas a realizar nesta convocatoria de contratación (ata 1,5 puntos/ano – máx. 3 puntos).
- Cursos de especialización no ámbito das tarefas a realizar (especialmente formación en HPC e Big Data) (ata 0,1 puntos/curso – máx. 0,5 puntos).
- Coñecemento de inglés (máx. 1 punto: B2: 0,5 puntos; C1: 0,75 puntos; C2: 1 punto).
- Entrevista persoal, no caso de considerarse necesario (máx. 2,5 puntos), só no caso de que haxa unha diferenza inferior a 2,5 puntos entre os candidatos que obtiveron maior puntuación.

O posto poderá quedar deserto no caso de non existir ningunha persoa candidata con puntuación superior a 5 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	/bp0YVVLS1QAffweu8r1WQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo	Asinado	18/06/2021 14:53:42
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//bp0YVVLS1QAffweu8r1WQ==		



**NORMAS DE PUBLICIDADE**

O contrato adecuarase ás instrucións de publicidade da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade – Xunta de Galicia, establecidas para as *Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do S.U.G. (convocatoria 2019)*.

Debe levar no anverso un selo no que se indiquen as seguintes circunstancias:

- Logo da Unión Europea
- Logo da Xunta de Galicia

Debe levar as frases “*Subvencionado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade*” e “*Cofinanciado nun 80% polo FEDER, no marco do eixe 1 do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.3), no marco das Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia*”.

Farase mención expresa a:

- Nome da unidade de investigación: **Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC)** e á súa condición de **Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia**.
- Convocatoria: **Orde de 19 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia (DOG 25/09/2019)**.

En cumprimento das instrucións de Publicidade da Xunta de Galicia, os beneficiarios obrigatoriamente deberán dar publicidade da orixe do financiamento da actividade subvencionada, facendo referencia expresa en todas as publicacións, charlas, comunicacións, etc. que a persoa candidata produza durante o período de contratación, coa inclusión do seguinte texto:

“O CITIC como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia é financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cun 80%, Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 e o 20% restante da Secretaría Xeral de Universidades (Ref ED431G 2019/01).”

A Coruña, 18 de xuño de 2021

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Manuel F. González Penedo

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia D.N.I.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	/bp0YVVLS1QAFfweu8r1WQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Francisco González Penedo	Asinado	18/06/2021 14:53:42
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//bp0YVVLS1QAFfweu8r1WQ==		

